



Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

**Traballo Fin
de Máster**

**A Realidade Virtual como recurso
didáctico na Formación
Profesional: unha revisión
sistemática**

ES: La Realidad Virtual como recurso didáctico en la Formación Profesional: una revisión sistemática

EN: Virtual Reality as an didactic resource in vocational education and training: a systematic review

Autora: Alba Rúa García

Titora: Silvia López Gómez

Xuño 2025

Traballo de Fin de Máster presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas

Folla de autorización

Traballo fin de máster presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela por Alba Rúa García, como requisito para obter o título de Máster Oficial en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas e que conta ca autorización e dirección de Silvia López Gómez, para a súa presentación e defensa.

A handwritten signature in black ink, appearing to be the initials 'AR' with a stylized flourish.

Alba Rúa García
Autora

Silvia López Gómez
Titora

Resumo

Este Traballo Fin de Máster (TFM) ten coma finalidade analizar a evidencia científica dispoñible sobre o uso da Realidade Virtual (RV) como recurso didáctico na Formación Profesional (FP). Con este propósito, realizouse unha revisión sistemática nas bases de datos Web of Science, ERIC, Scopus e Dialnet Plus, seguindo a declaración PRISMA. Incluíronse investigacións empíricas, cualitativas, cuantitativas ou mixtas; de corte transversal ou lonxitudinal, publicadas en revistas científicas e conferencias dende o ano 2015 ó 2024, dispoñibles en inglés, español, francés ou portugués. Un total de 29 artigos foron seleccionados e analizados mostrando un impacto positivo da RV na aprendizaxe, mellorando coñecementos, habilidades e actitudes fronte ás metodoloxías tradicionais. A versión inmersiva mostra mellores resultados, aínda que con evidencia limitada e, tanto profesorado como alumnado valoran positivamente esta ferramenta para o ensino e a avaliación, malia presentar certos retos técnicos. Tras este TFM conclúese que a RV favorece unha aprendizaxe máis significativa e motivadora. As súas características e a percepción positiva de alumnado e profesorado convértena nun recurso didáctico complementario á formación tradicional na FP.

Palabras clave: Realidade virtual, Formación Profesional, aprendizaxe baseada en competencias, revisión sistemática, innovación educativa.

Resumen

Este Trabajo Fin de Máster (TFM) tiene como finalidad analizar la evidencia científica disponible sobre el uso de la Realidad Virtual (RV) como recurso didáctico en la Formación Profesional (FP). Con este propósito, se realizó una revisión sistemática en las bases de datos Web of Science, ERIC, Scopus y Dialnet Plus, siguiendo la declaración PRISMA. Se incluyeron investigaciones empíricas, cualitativas, cuantitativas o mixtas; de corte transversal o longitudinal, publicadas en revistas científicas y conferencias desde el año 2015 al 2024, disponibles en inglés, español, francés o portugués. Un total de 29 artículos fueron seleccionados y analizados, mostrando un impacto positivo de la RV en el aprendizaje, mejorando conocimientos, habilidades y actitudes frente a metodologías tradicionales. La versión inmersiva muestra mejores resultados, aunque con evidencia limitada y, tanto profesorado como alumnado valoran positivamente esta herramienta para la enseñanza y la evaluación, a pesar de presentar ciertos retos técnicos. Tras este TFM se concluye que la RV favorece un aprendizaje más significativo y motivador. Sus características y la percepción positiva del alumnado y profesorado la convierten en un recurso didáctico complementario a la formación tradicional en la FP.

Palabras clave: Realidad virtual, Formación Profesional, aprendizaje basado en competencias, revisión sistemática, innovación educativa.

Abstract

The purpose of this Master's Thesis (TFM) is to analyze the available scientific evidence on the use of Virtual Reality (VR) as a teaching resource in Vocational Education and Training (VET). For this purpose, a systematic review was carried out in the databases Web of Science, ERIC, Scopus and Dialnet Plus, following the PRISMA statement. Empirical, qualitative, quantitative or mixed research were included; whether cross-sectional or longitudinal, published in scientific journals and conferences from 2015 to 2024, available in English, Spanish, French or Portuguese.

A total of 29 articles were selected and analyzed, showing a positive impact of VR on learning, improving knowledge, skills and attitudes compared to traditional methodologies. The immersive version shows better results, although with limited evidence, and both teachers and students value positively this tool for teaching and evaluation, despite certain technical challenges. After this TFM it is concluded that VR favors a more meaningful and motivating learning. Its characteristics and the positive perception of students and teachers make it a complementary teaching resource to traditional training in VET.

Keywords: Virtual reality, Vocational Training, competency-based learning, systematic review, educational innovation.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN	1
2. MARCO TEÓRICO	4
2.1 QUE É A RV	4
2.1.1 TIPOS DE RV	5
2.1.2 COMPOÑENTES DA RV	5
2.1.2.1 SOFTWARE DE RV.....	6
2.1.2.2 HARDWARE DE RV	6
2.2 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA RV	7
2.3 ÁMBITOS DE APLICACIÓN DA RV	10
2.4 RV EN EDUCACIÓN	12
3. METODOLOXÍA.....	14
3.1 MÉTODO DE REVISIÓN	14
3.2 CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE	15
3.3 FONTES DE INFORMACIÓN E ESTRATEXIA DE BUSCA.....	17
3.4 PROCESO DE SELECCIÓN	20
4. RESULTADOS	21
5. DISCUSIÓN	25
6. CONCLUSIÓNS.....	28
Referencias.....	31
Anexos	41
Anexo I. Selección de artigos baseada nos criterios de inclusión.....	41
Anexo II. Listado de verificación PRISMA 2020.	81
Anexo III. Artigos incluídos na revisión.	86
Anexo IV. Resumo dos artigos seleccionados para a revisión sistemática.....	88

ÍNDICE DE ABREVIATURAS

CAVE: Cave automatic virtual environment.

CI: Criterios de inclusión.

CM: Ciclo medio.

CS: Ciclo superior.

ERIC: Education Resources Information Center.

FP: Formación Profesional.

G. control: Grupo control.

G. experimental: Grupo experimental.

HMD: Head mounted display.

MDD: Materiais Didáticos Dixitais.

OE: Obxectivo específico.

OX: Obxectivo xeral.

PI: Pregunta de investigación.

PIE: Pregunta de investigación específica.

PIX: Pregunta de investigación xeral.

PRISMA: Preferred Reporting Items for Systematic reviews and Meta-Analyses.

RV: Realidade virtual.

RVi: Realidade virtual inmersiva.

TIC: Tecnoloxías da información e comunicación.

TFM: Traballo Fin de Máster.

WOS: Web of Science.

ÍNDICE DE TÁBOAS, GRÁFICOS OU FIGURAS

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Selección de artigos baseada nos criterios de inclusión.....	41
Táboa 2. Listado de verificación PRISMA 2020.....	81
Táboa 3. Criterios de inclusión xunto as súas respectivas abreviaturas.....	16
Táboa 4. Termos empregados na busca inicial nas bases de datos.....	18
Táboa 5. Relación de bases de datos e algoritmos de busca empregados.....	18
Táboa 6. Artigos incluídos na revisión.....	86
Táboa 7. Resumo dos artigos seleccionados para a revisión sistemática.....	88

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Aplicación de RV en diferentes carreiras profesionais segundo Scopus.....	13
Gráfico 2. Número de artigos publicados por ano segundo Scopus.....	14

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. O Sensorama de Heilig.....	8
Figura 2. O primeiro Head Mounted Display (HMD).....	9
Figura 3. Diagrama de fluxo.....	20
Figura 4. Pirámide de aprendizaxe.....	26

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A Formación Profesional (en adiante FP) fai cada vez máis fincapé nun enfoque de aprendizaxe baseado en competencias que require unidades de aprendizaxe integrais e orientadas á acción (Mulders, 2022). Neste marco, a preparación do estudiantado para a súa futura vida laboral convértese nun obxectivo común da educación, podendo lograrse mediante actividades de aprendizaxe baseadas en situacións reais (Dobricki et al., 2021). Deste xeito, o alumnado aborda problemas auténticos e complexos que esixen a súa participación activa na aprendizaxe, permitíndolles adquirir as competencias necesarias para un desempeño eficaz das tarefas no plano laboral (Stoof et al., 2002).

Non obstante, a implementación da aprendizaxe baseada en competencias dentro dos programas de formación enfrenta diversos desafíos. A provisión dunha formación adecuada e orientada á acción soe verse dificultada por factores económicos, como os altos custos de materiais; físicos, como o uso de materiais sensibles ó medio ambiente; e sociais, como a capacidade limitada de apoio ou recursos humanos dispoñibles (Mulders, 2022).

Para afrontar esta situación, pódense aproveitar as capacidades das tecnoloxías dixitais (Dobricki et al., 2021). Segundo Torres-Santomé (2015), o desenvolvemento tecnolóxico está cada día máis presente na nosa vida cotiá, polo que resulta de gran interese aproveitar estes avances á hora de desenvolver o plan curricular.

Unha tecnoloxía dixital que pode resultar particularmente útil para a FP é a Realidade Virtual (en adiante RV) (Dobricki et al., 2021). As plataformas de RV poden desempeñar tres funcións principais: presentar información de maneira interactiva, ensinar habilidades prácticas e promover a aplicación do coñecemento adquirido para a resolución de problemas (Uğur Yerden & Akkus, 2020). Esta tecnoloxía ofrece ó alumnado a oportunidade de experimentar situacións que serían inaccesibles no mundo real debido a factores como o tempo (a imposibilidade de manipular o seu avance ou retroceso), barreiras físicas (lugares ou contextos inaccesibles), riscos inherentes á certas situacións perigosas ou dilemas éticos (Freina & Ott, 2015).

Na educación, e en específico na FP, esta oportunidade de experimentar situacións de acceso restrinxido pode ser particularmente eficaz para favorecer a adquisición de coñecementos (Kim et al., 2020). Deste modo, a RV, convértese nunha ferramenta eficaz para apoiar a aprendizaxe baseada en competencias. Cas súas características de inmersión, interactividade e imaxinación, presenta un ambiente virtual que se asemella ó mundo real. Isto permite ós e ás discentes somerxerse en situacións de aprendizaxe altamente realistas, onde teñen o control sobre o seu proceso de aprendizaxe (Mulders, 2022).

Estas aplicacións de RV simplifican a complexidade dos procesos de ensinanza, melloran a familiaridade do estudiantado co uso de maquinaria e permiten integrar de maneira efectiva as habilidades operativas necesarias para a FP. Así, o alumnado pode alcanzar un nivel de práctica próximo ó que se require en situacións reais, preparándoos de maneira máis completa para o seu desempeño no mundo laboral (Gavish et al., 2015; Lin & Lee, 2020).

Tal e como sosteñen, Linares-Vargas e Cieza-Mostacero (2025), na actual era da información é inevitable a incorporación á aula de tecnoloxías da información e comunicación (en adiante TIC). Este proceso fai necesario unha revisión do seu uso educativo e o sentido didáctico co que se empregan. Por estas razóns, considérase pertinente explorar os beneficios da implementación de tecnoloxías, como a RV, como recurso para robustecer as estratexias de ensinanza e aprendizaxe.

O presente traballo consiste nunha revisión sistemática seguindo a declaración PRISMA (Preferred Reporting Items for Systematic reviews and Meta-Analyses) sobre o papel da RV como recurso didáctico no ámbito da FP.

A elección deste tema está motivada por dous factores principais. En primeiro lugar, xorde como continuidade e interese derivado dun proxecto de innovación elaborado na materia de *Didáctica, currículo e organización escolar* do presente Máster de profesorado. En segundo lugar, responde á necesidade de afondar na investigación de estratexias educativas que dean unha resposta adaptada á situación actual das aulas. A educación experimentou unha grande evolución nas últimas décadas, pero actualmente enfróntase ó reto de actualizar as formas tradicionais de ensinanza para captar a atención do alumnado e mellorar o proceso de aprendizaxe. Os métodos baseados exclusivamente na transmisión de coñecementos resultan insuficientes, xa que non aseguran que o alumnado sexa quen de aplicar eses coñecementos. Xorde, por tanto, a necesidade de desenvolver técnicas innovadoras de ensinanza nas que os contidos teóricos teñan unha proxección práctica. Deste modo, faise imprescindible avanzar cara a enfoques que promovan unha práctica reflexiva, racional, fundamentada, organizada e baseada na evidencia científica (Borré-Ortiz et al., 2015).

Así mesmo, a falta de recursos materiais e de motivación do alumnado son dificultades a ter en conta que se repiten no contexto educativo (Cerdà-Navarro et al., 2020), dificultando a súa proxección cara o seu futuro laboral (González Alba et al., 2020).

A presente revisión sistemática centrarase no uso da RV como recurso didáctico na FP. En primeiro lugar, desenvolverase o marco teórico que sustenta o estudo. A continuación, describirase o proceso sistemático de busca de evidencia, co seu posterior análise seguindo a declaración PRISMA. E finalmente, presentarase a discusión e as conclusións derivadas da revisión.

Co propósito de contribuír ó coñecemento existente sobre a RV en FP, realizouse unha revisión sistemática para identificar, organizar e analizar de maneira estruturada a investigación desenvolta nesta área, así como para identificar as lagoas existentes de coñecemento.

Para iso consideráronse as seguintes **preguntas de investigación (en adiante PI)**:

- *PI Xeral (en adiante PIX):*
 - o PIX. Que evidencia científica existe respecto ó uso da RV como recurso didáctico na FP nas bases de datos Web of Science, ERIC, Scopus e Dialnet Plus?
- *PI Específicas (en adiante PIE):*
 - o PIE1. Que tendencias bibliométricas caracterizan a investigación sobre o uso da RV como recurso didáctico na FP?
 - o PIE2. Cal é o impacto da RV na aprendizaxe e na adquisición de competencias específicas no alumnado de FP?
 - o PIE3. Existen diferenzas significativas nos resultados de aprendizaxe entre o uso de aplicacións de RV e as metodoloxías didácticas tradicionais na FP?
 - o PIE4. Existen diferenzas nos resultados de aprendizaxe entre a utilización de RV inmersiva e non inmersiva na FP?
 - o PIE5. Cal é a percepción do profesorado e alumnado de FP sobre o emprego da RV no proceso de ensino-aprendizaxe?

Cada unha das PIs persegue un **obxectivo**, os cales son:

- *Obxectivo Xeral (en adiante OX):*
 - o OX. Analizar os estudos científicos dispoñibles nas bases de datos Web of Science, ERIC, Scopus e Dialnet Plus, sobre o uso da RV como recurso didáctico na FP.
- *Obxectivos Específicos (en adiante OE):*
 - o OE1. Analizar bibliométricamente a literatura científica sobre a RV na FP.
 - o OE2. Revisar o impacto educativo da RV en termos de aprendizaxe, adquisición de competencias prácticas e aspectos actitudinais no alumnado.
 - o OE3. Comparar o rendemento académico do alumnado en actividades realizadas con RV fronte a metodoloxías tradicionais.
 - o OE4. Determinar si o grao de inmersión na RV ten un impacto significativo na comprensión e aplicación dos coñecementos adquiridos.
 - o OE5. Identificar as opinións do profesorado e alumnado de FP respecto ó uso da RV na aula.

2. MARCO TEÓRICO

2.1 QUE É A RV

A RV é un sistema de computación usado para crear un mundo artificial por medios dixitais que permite explorar ambientes e situacións complexas, manipulando os elementos que compoñen esa realidade (Calderón et al., 2019; Jiménez, 2014). Esta realidade dixital somerxe á persoa usuaria nun mundo xerado por ordenador, o cal simula a realidade mediante o emprego de dispositivos interactivos, que envían e reciben información, mediante o uso de sensores e actuadores (Luque Ordóñez, 2020).

A diferenza doutras formas de Realidade Estendida, como a Realidade Aumentada ou a Realidade Mixta, a RV non modifica a realidade física existente, senón que xera un espazo completamente novo. Mentres que na Realidade Aumentada se integran elementos virtuais sobre un contexto real, e na Realidade Mixta ambos mundos interaccionan nun mesmo plano, a RV propón un universo propio onde todo é creado a través dunha programación informática, xerándose mundos virtuais (simulacións) que supoñen unha representación alternativa da realidade e ca que se pode interaccionar (Hönig et al., 2015; Luque Ordóñez, 2020).

Esta tecnoloxía da RV é posible gracias á aplicación de técnicas estereoscópicas, que permiten o efecto de tridimensionalidade integrando as imaxes obtidas por cada ollo por separado (Luque Ordóñez, 2020).

Segundo destacan Gomes et al. (2021) e Lin et al. (2020) a RV distínguese por ser:

- *Inmersiva*, permitindo á persoa usuaria somerxerse no ambiente virtual e experimentar a sensación de estar noutro lugar, gracias a diversos elementos como a calidade visual, o plano da imaxe e o deseño auditivo.
- *Interactiva*, brindando a posibilidade de interactuar con elementos virtuais, expoñendo á usuaria ou ó usuario a diversos estímulos que producen unha resposta da mesma ou do mesmo.
- *Imaxinativa*, é dicir, a capacidade de crear mundos imaxinarios que replican o mundo real. Pode recrear o ambiente dunha plataforma que xa existiu ou que actualmente se encontra no mundo real, ademais de xerar escenarios que, aínda que non estean presentes na actualidade, poderían materializarse nun futuro. Tamén é capaz de simular contextos que, se ben non existen na realidade obxectiva, cobran vida no fascinante mundo da imaxinación humana (Xu & Zheng, 2022).

Así mesmo, a RV non se limita á estimulación visual, xa que os sentidos auditivo, táctil (háptico), kinestésico e olfatorio tamén poden simularse mediante tecnoloxía avanzada.

Existen, por tanto, diversos elementos para experimentar a RV que se diferencian principalmente segundo o nivel e a forma na que logran capturar e controlar a percepción

sensorial da persoa portadora. Os Head-Mounted Display (en adiante HMD) con auriculares, os traxes hápticos e outros equipos, que permiten ó usuario ou á usuaria desprazarse libremente, exemplifican as configuracións de RV máis comúns (Mulders et al., 2024).

2.1.1 TIPOS DE RV

Os sistemas de RV clasifícanse segundo o grao de inmersión que ofrecen, diferenciándose así distintos tipos de RV:

- **INMERSIVA:** este tipo de sistema de RV integra a percepción auditiva e visual da ou do participante no mundo virtual e elimina a información externa para que a experiencia sexa completamente inmersiva (Daghestani, 2013). A persoa usuaria que emprega tecnoloxía de inmersión total pode experimentar a sensación de estar esencialmente presente no ambiente virtual. Para lograr este nivel de inmersión, os sistemas requiren que o usuario ou a usuaria utilice dispositivos como un guante de datos e un visor (HMD) que rastrea os movementos da cabeza (Bamodu & Ye, 2013).
- **NON INMERSIVA:** o sistema non inmersivo, tamén chamado sistema de RV de escritorio ou sistema Windows on World. É o menos inmersivo e o menos custoso dos sistemas de RV, xa que require os compoñentes menos sofisticados. Permite ás e ós participantes interactuar cun ámbito 3D a través dun monitor de visualización estéreo (Oluleke & Ye, 2013). Aínda que estes sistemas proporcionan un menor nivel de presenza e interacción, poden lograr niveles satisfactorios de calidade gráfica e comodidade da persoa usuaria (Saeed Alqahtani et al., 2017).
- **SEMIINMERSIVA:** tamén chamados sistemas híbridos, manteñen a simplicidade do sistema de RV de escritorio, pero cun alto nivel de inmersión, incluíndo dispositivos adicionais como Data Gloves. No sistema semiinmersivo, o ambiente virtual superponse e configúrase sobre o ambiente real previamente recoñecido (Saeed Alqahtani et al., 2017). Un exemplo deste tipo de sistemas é o Cave Automatic Virtual Environment (en adiante CAVE), sendo unha das súas aplicacións comúns o uso en simuladores de condución (Oluleke & Ye, 2013).

2.1.2 COMPOÑENTES DA RV

Un sistema de RV componse de dous subsistemas principais: o software e o hardware. O software pódese dividir en ferramentas de modelado e sistemas de creación, mentres que o hardware está conformado por un ordenador ou motor de RV e dispositivos de entrada/saída (Oluleke & Ye, 2013).

2.1.2.1 SOFTWARE DE RV

Existen dúas categorías principais de software de RV dispoñibles na actualidade: as ferramentas de modelado de RV e os sistemas de creación. As primeiras fan referencia ós programas de RV que ofrecen unhas bases preestablecidas para desenvolver aplicacións, mentres que os sistemas de creación son campos de desenvolvemento completos que permiten deseñar, construír e executar ambientes virtuais dende cero (Onyesolu et al., 2012). O proceso de creación dun ambiente de RV inclúe diversas etapas, como o modelado, a codificación e a execución. Estes aspectos deben integrarse de maneira coherente dentro dun único paquete para garantir unha experiencia funcional e fluída (Saeed Alqahtani et al., 2017). Segundo Onyesolu et al. (2012), o software de RV está composto por catro compoñentes principais:

- *Software de modelado 3D*: empregado para crear e deseñar obxectos e escenarios tridimensionais.
- *Software de gráficos 2D*: complementa o deseño 3D mediante a creación de texturas, interfaces e outros elementos visuais bidimensionais.
- *Software de edición de son dixital*: permite integrar sons e efectos de audio que enriquecen a experiencia inmersiva.
- *Software de simulación de RV*: coordina e executa todos os compoñentes para simular un ambiente virtual interactivo.

2.1.2.2 HARDWARE DE RV

O hardware pódese dividir en ordenador ou motor de RV e dispositivos de entrada/saída:

- *Motor de RV*: nos sistemas de RV, o motor de RV ou o sistema informático débense seleccionar en función dos requisitos da aplicación. A elección do motor de RV depende do campo de aplicación, da persoa usuaria, dos dispositivos de entrada/saída, do nivel de inmersión e da saída gráfica requirida. Este motor de RV é responsable do cálculo e a xeración de modelos gráficos, a representación de obxectos, a iluminación, a elaboración de mapas, a texturación, a simulación e a visualización en tempo real. Un aspecto crucial na súa selección é a potencia de procesamento, xa que determina cantos estímulos (visuais, sonoros, hápticos, entre outros) poden ser representados nun período de tempo determinado (Oluleke & Ye, 2013). Ademais, o motor gráfico asociado debe contar ca capacidade de xerar visión estereoscópica, esencial para crear unha percepción tridimensional convincente nas e nos participantes.

O hardware para soportar este motor pode variar, dende unha PC estándar cunha maior capacidade de procesamento e un potente acelerador gráfico, ata sistemas

informáticos conectados mediante redes de comunicación de alta velocidade. A elección do hardware adecuado é fundamental para garantir o rendemento necesario para simular ambientes complexos e manter unha experiencia de RV fluída e realista (Oluleke & Ye, 2013).

- *Dispositivos de entrada:* os dispositivos de entrada son os medios polos cales o usuario ou a usuaria interactúan co mundo virtual. Envían sinais ó sistema sobre a acción da persoa participante, para así proporcionarlle reaccións apropiadas a través dos dispositivos de saída en tempo real. Poden clasificarse en dispositivos de seguimento, dispositivos de entrada puntual, biocontroladores e dispositivos de voz (Dechsling et al., 2024).
- *Dispositivos de saída:* teñen como obxectivo somerxer á persoa usuaria no ambiente virtual creado dixitalmente, podendo experimentarse mediante diferentes tipos de equipos que ofrecen variados niveis de inmersión (DiNatale et al., 2020). O maior grao de inmersión lógrase con dispositivos HMD, que integran pantallas e auriculares para envolver completamente ó portador ou portadora no ambiente virtual; e os ambientes virtuais automáticos de cova (CAVE), onde o ambiente é proxectado nas pantallas arredor da ou do participante (Dechsling et al., 2021).

Ademais destes, existen outros equipos, como auriculares, guantes ou traxes especiais, que amplían a percepción sensorial, estimulando a vista, o oído e incluso, en menor medida, o tacto. Así e todo, os estímulos relacionados co olfacto e o gusto inda están en fases iniciais de desenvolvemento (Luque Ordóñez, 2020).

No contexto educativo, as ferramentas de RV máis accesibles e versátiles no proceso de ensino-aprendizaxe son os cascos e visores tridimensionais, como os Oculus Quest. Estes dispositivos innovadores ofrecen unha experiencia inmersiva completa, cubrindo todo o campo visual do usuario ou usuaria sen necesidade de conexión a unha computadora, cables ou extensións eléctricas. Incorporan un sistema avanzado de vibración intensificada a través dun par de mandos sen fíos de alta gama. Isto permítelle á persoa portadora interactuar de maneira intuitiva e natural cos obxectos virtuais, utilizando as mans de forma libre e autónoma (Chica Zambrano et al., 2024).

2.2 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA RV

Moitas persoas asumen que a RV é unha innovación recente, desenvolta a comezos da década de 1990. O feito é que os conceptos básicos estiveron presentes dende mediados do século XIX e os primeiros sistemas apareceron pasado a metade do século XX (Olguín Carbajal et al., 2006).

O primeiro fundamento histórico da RV remóntase ó 1844, cando Charles Wheatstone inventou o estereoscopio. Era un dispositivo que sentou as bases dos primeiros visores de RV, mostrando a cada ollo dúas imaxes capturadas desde ángulos lixeiramente distintos, co obxectivo de provocar no cerebro a percepción dunha imaxe tridimensional (Jiménez, 2014). No 1951, o proxecto Whirlwind, desenvolto pola Mariña dos Estados Unidos en colaboración co Instituto Tecnolóxico de Massachusetts, marcou un fito ó converterse no primeiro simulador deseñado especificamente para a instrución de voo de pilotos de bombardeiros, sentando as bases para o desenvolvemento de futuros simuladores en diversos campos (Luque Ordóñez, 2020).

Máis adiante, no 1962, Morton Heilig creou o "Sensorama" (Figura 1), a primeira experiencia virtual multisensorial, aínda que non interactiva, baseada nunha película pregrabada en cor e estéreo complementada con son biaural, olor, vento e vibracións (Cano, 2019; Olgúin Carbajal et al., 2006).

Figura 1.

O Sensorama de Heilig.



Nota. De "Introducción a la realidad virtual", por Olgúin Carbajal et al., 2006.

A principios dos sesenta, nos Estados Unidos, Philco Corporation patentou o primeiro casco con pantalla integrada, chamado Headsight, cuxa finalidade era adestrar ó persoal militar en tarefas tales como aterrizar un avión, probas químicas ou controlar un submarino (Greenwald et al., 2017).

Máis tarde, no 1968, Ivan Sutherland desenvolveu un dispositivo considerado como o primeiro HMD (Figura 2). A imaxe estaba complementada por unha vista estéreo que se actualizaba correctamente en relación ca posición da cabeza da persoa usuaria e a súa orientación. Os seus custos de produción eran arredor dos centos de millóns de dólares, facendo practicamente imposible o seu emprego con propósitos persoais (Cano, 2019).

Figura 2.

O primeiro Head Mounted Display (HMD).



Nota. De “Aplicación de la realidad virtual (RV) en la educación secundaria obligatoria”, por Machado Mesa, 2019.

No 1977 desenvolveuse o Sayre Glove, un guante económico e lixeiro que permitía rexistrar os movementos da man, facilitando unha interacción máis natural e humana en ambientes virtuais. O seu deseño permitiu que as mans se converteran literalmente no principal método de interacción dentro destes ambientes (Lara et al., 2019).

Pouco despois, en 1983, Nintendo creou o primeiro gamepad moderno, consolidándose como un dispositivo clave de interacción na industria dos videoxogos en épocas posteriores (Lara et al., 2019). Nesta etapa, a RV deixou de centrarse na aprendizaxe para gañar protagonismo no sector do entretemento (Machado Mesa, 2019), impulsando o desenvolvemento de novos dispositivos e mellorando progresivamente a súa ergonomía (Olguín Carbajal et al., 2006; Lara et al., 2019).

No 2010, Microsoft lanzou o Kinect, un dispositivo avanzado capaz de recoñecer movementos, obxectos, imaxes e comandos de voz sen necesidade de mandos físicos, ampliando as posibilidades de interacción (Arce, 2013, citado en Lara et al., 2019). Ese mesmo ano, Palmer Luckey deseñou o primeiro prototipo do Oculus Rift, un casco de RV que ofrecía unha experiencia inmersiva en 3D cun campo de visión de 360° (Machado Mesa, 2019).

Entre 2014 e 2019, producíronse avances clave na democratización e evolución da RV. En 2014, Google lanzou o Google Cardboard, un visor de cartón que convertía smartphones en dispositivos de RV de baixo custo, facendo a tecnoloxía máis accesible (Machado Mesa, 2019). No 2016, HTC presentou o HTC VIVE Steam VR, o primeiro sistema comercial con seguimento de posición, ofrecendo unha experiencia inmersiva máis dinámica (Prasuethsut, 2016). Ese mesmo ano, Sony lanzou a PlayStation VR, permitindo compartir a experiencia de RV a través da televisión e fomentando a interacción social (Machado Mesa, 2019).

Finalmente, no 2019, Oculus revolucionou o mercado co Oculus Quest, un visor autónomo sen cables nin ordenador, que facilitou unha experiencia inmersiva máis práctica e accesible (Lucas Austin, 2019).

A tecnoloxía HMD foi mellorando cas novas versións, logrando con iso alcanzar dispositivos que permitiron reproducir imaxes creadas por computadora, moi semellantes ás dos ollos humanos, e incorporar controladores de seguimento de movemento (Arce 2013, como se cita en Lara et al., 2019).

Actualmente, as grandes empresas tecnolóxicas enfocan os seus esforzos en mellorar a súa tecnoloxía. O obxectivo é crear dispositivos máis económicos e precisos que permitan á RV ser accesible para todos e todas como nunca antes o fora e proveela dunha experiencia completamente inmersiva (Lara et al., 2019).

2.3 ÁMBITOS DE APLICACIÓN DA RV

Nos últimos anos, os avances no software e hardware impulsaron, de modo significativo, o desenvolvemento e perfeccionamento da tecnoloxía de RV, así como as súas múltiples aplicacións. Actualmente, a RV integrouse de maneira habitual en diversos ámbitos, demostrando a súa versatilidade e utilidade en numerosos sectores.

Ademais do ámbito educativo, que se abordará no seguinte apartado, hoxe en día, a tecnoloxía da RV aplícase nunha ampla variedade de campos, entre os que destacan:

- **Enxeñaría:** os ambientes virtuais con altos niveis de inmersión e interacción están a ser investigados para mellorar e optimizar procesos de produción, deseño, organización, análise e formación na enxeñaría. As súas aplicacións inclúen a creación de sistemas de deseño e manufactura virtuais, a simulación dixital de procesos industriais, o adestramento inmersivo de operarios e o desenvolvemento de fábricas virtuais, contribuíndo á optimización e eficiencia do sector industrial (Medellín et al., 2014)
- **Sanidade:** neste ámbito, a RV impulsou o desenvolvemento de sistemas innovadores aplicados en diversas áreas. Creáronse ambientes virtuais para o deseño de próteses e implantes, sistemas de cirurxía asistida por computadora, así como plataformas para o adestramento cirúrxico. Ademais, a RV utilizouse en programas de rehabilitación e en terapias para diversas afeccións, como as fobias (Medellín et al., 2014).
- **Arquitectura:** a aplicación da tecnoloxía de RV na visualización arquitectónica, especialmente en ambientes inmersivos e transitables, abre novas posibilidades para o estudo e interpretación de edificacións antigas, proxectos en proceso de elaboración e incluso innovadores conceptos de arquitectura virtual. Unha das principais vantaxes

desta arquitectura virtual é a capacidade de deseñar e construír elementos que serían imposibles de materializar no mundo real debido a restricións físicas, así como crear reconstrucións virtuais fieis e rigorosamente precisas dende un punto de vista arqueolóxico (Hernández et al., 2011).

- **Aeroespacial:** o uso da RV no ámbito aeroespacial abarca diversas aplicacións en contextos de adestramento. Entre os principais temas inclúese a simulación virtual para o análise do despegue e a xestión do transporte de rescate aeronáutico en situacións de emerxencia. Do mesmo modo, tamén se aborda o modelado e a simulación de escenarios de misións de extinción de incendios forestais con aeronaves anfibas, co obxectivo de capacitar á tripulación en condicións realistas (Cepeda Cuartas & Colmenares, 2022).
- **Seguridade laboral:** a insuficiente formación e adestramento adecuados representa unha das principais causas dos accidentes laborais, xa sexa debido á falta de aplicación dos procedementos establecidos, o descoñecemento dos controis de seguridade ou a ausencia dunha actualización continuada. A incorporación da RV nos programas de formación en seguridade no traballo a nivel mundial mostrou resultados alentadores, contribuíndo de xeito significativo á redución de riscos e ó fortalecemento da conciencia sobre a importancia da seguridade no ámbito laboral (Guzman Galarza & Buitrago Cortés, 2023).
- **Entretenemento:** a RV está gañando terreo na industria dos videoxogos, cun impulso cada vez maior. O que fai pouco era só un experimento con miras ó futuro, hoxe consolidouse como unha forma de entretenemento cunha presenza crecente nas bibliotecas dixitais de millóns de xogadores e xogadoras a nivel global. Nos últimos anos, a evolución na calidade das experiencias de xogo foi significativa, abarcando os diferentes dispositivos que se empregan nesta tecnoloxía dixital, dende ordenadores, ata consolas e dispositivos móbiles (Marotta et al., 2020).
- **Adestramento militar:** os métodos tradicionais de adestramento de tiro militar teñen altos custos, complexidade loxística, restricións espazo-temporais e riscos de seguridade. A simulación baseada en RV pode axudar a abordar estes inconvenientes ó tempo que serve como plataforma para complementar os enfoques de adestramento actuais (Girardi et al., 2024). Esta aplicación dixital ten o potencial de proporcionar experiencias de adestramento realistas e inmersivas que poden preparar ás e ós soldados para unha ampla gama de situacións, incluído o combate, as operacións de mantemento da paz e a resposta a desastres. Ademais, a RV pódese utilizar para simular e probar novos equipos e tácticas, así como para ensaiar misións antes de que se executen no campo (Bucăța et al., 2023).

2.4 RV EN EDUCACIÓN

Na actualidade, a calidade da ensinanza demanda a incorporación de diversos recursos e estratexias co propósito de crear na aula un ambiente de aprendizaxe participativo, colaborativo, práctico e ameno.

A RV é unha tecnoloxía que pode empregarse como recurso para o deseño e desenvolvemento de Materiais Didácticos Dixitais (en adiante MDD). Segundo Area (2019), os MDD son recursos educativos elaborados, adaptados ou distribuídos en formato dixital co propósito de facilitar os procesos de ensinanza e aprendizaxe mediante o uso das tecnoloxías. Estes materiais caracterízanse pola súa interactividade, riqueza multimedia, adaptabilidade e accesibilidade, e poden presentarse en diversos formatos: desde presentacións e vídeos ata simuladores, xogos educativos ou experiencias inmersivas como a propia RV. Ademais de transmitir contidos, os MDD favorecen a participación activa do alumnado e procuran unha aprendizaxe máis autónoma e significativa.

A RV establécese coma unha tecnoloxía especialmente adecuada para a ensinanza, debido a súa facilidade para captar a atención do alumnado mediante a súa inmersión en mundos virtuais relacionados cas diferentes ramas do saber, o cal pode axudar na aprendizaxe dos contidos de calquera materia (Calderón et al., 2019).

Nos últimos anos, o uso deste recurso dixital experimentou un crecemento significativo, especialmente debido ás múltiples posibilidades que ofrece no ámbito educativo. De feito, este sector ofrece un ambiente propicio para o seu deseño e aplicación. Isto dáse gracias á capacidade de introducir ó ou á discente en ambientes inmersivos multisensoriais onde pode interactuar, estimulando o seu proceso de aprendizaxe e impactando na súa formación (Calderón et al., 2019).

Segundo Makransky e Petersen (2021), as tecnoloxías de RV parecen ser particularmente adecuadas para adestrar habilidades psicomotrices e os métodos de formación tradicionais a miúdo non son suficientes para apoiar adecuadamente a adquisición de competencias profesionais.


Este MDD fomenta a aprendizaxe activa do alumnado e promove a toma de decisións ó permitir a exploración autónoma e a aprendizaxe mediante a práctica (Kim et al., 2020). Así mesmo, xera experiencias sensoriais inmersivas que poden axudar ó alumnado a mellorar a súa concentración, o que a súa vez facilita unha asimilación de contidos máis rápida e efectiva (Aguilar García & Rodríguez-Losada, 2020). Do mesmo xeito, as tecnoloxías de RV son capaces de promover unha experiencia de aprendizaxe completa centrada na e no discente, xa que é o estudiantado o principal protagonista á hora de experimentar e practicar cos obxectos virtuais (Kim et al., 2020).

Igualmente, estudos previos mostran o efecto positivo da RV en termos de rendemento académico (Alhalabi, 2016), habilidades espaciais (Gutiérrez et al., 2015), habilidades sociais (Valmaggia et al., 2016), motivación (Harris & Reid, 2005), e nivel de compromiso (Martín-Gutiérrez et al., 2017). Isto pode xustificar o incremento da investigación de alta calidade relacionado ca aplicación da tecnoloxía de RV no campo da educación. Estes artigos abarcan temas como o desenvolvemento da tecnoloxía de RV, ou o deseño e a avaliación de sistemas, todo elo no contexto do ámbito educativo (Zhong & Zhou, 2024).

Dentro do mesmo, sobresaie o notable interese na aplicación da RV no sector universitario. A revisión sistemática sobre a aplicación desta tecnoloxía na educación universitaria, realizada por Caballero-Garriazo et al. (2023), destaca unha ampla variedade de aplicacións neste campo. De acordo cos seus resultados, a área de física é o sector con maior mención, representando o 17,3% dos artigos revisados (Gráfico 1). Outros dominios relevantes onde se identificou o uso da RV inclúen ciencias da computación, enxeñaría, medicina, estatística e arte. Isto reflexa a versatilidade e o impacto potencial da RV na ensinanza universitaria, ó abarcar tanto disciplinas técnicas como artísticas.

Gráfico 1.

Aplicación da RV en diferentes carreiras profesionais segundo Scopus.




Nota. De “Systematic review on the application of virtual reality in university education” por Caballero-Garriazo et al., 2023.

Ademais, nesa mesma investigación, identificouse un aumento significativo no número de publicacións relacionadas ca aplicación da RV no ámbito universitario dende o ano 2010 (Gráfico 2). Este crecemento reflexa o crecente interese da comunidade académica en explorar e aproveitar o potencial das tecnoloxías inmersivas para mellorar a ensinanza e a aprendizaxe na educación superior.

Gráfico 2.

Número de artigos publicados por ano segundo Scopus.



Nota. De “Systematic review on the application of virtual reality in university education” por Caballero-Garriazo et al., 2023.

Non obstante, a pesar de que numerosos estudos demostraron a eficacia das tecnoloxías de RV en diversos contextos e dominios de aprendizaxe, o seu potencial específico para a FP aínda non foi explorado en profundidade (Kim et al., 2020).

3. METODOLOXÍA

3.1 MÉTODO DE REVISIÓN

Como se comentou con anterioridade, este traballo consta dunha revisión sistemática da literatura. Unha revisión sistemática é un tipo de investigación científica no que se realiza unha busca e análise exhaustivo e completo da evidencia dispoñible sobre un campo de estudo específico (Letelier et al., 2005; Manterola et al., 2023; Sánchez-Serrano et al., 2022).

As revisións sistemáticas caracterízanse por ter e describir o proceso de elaboración de forma transparente e comprensible para recoller, seleccionar, avaliar criticamente e resumir toda a evidencia dispoñible (Moreno et al., 2018).

Co fin de organizar e sistematizar a evidencia recompilada sobre o uso da RV como recurso didáctico na FP, emprégase o protocolo PRISMA 2020. A declaración PRISMA 2020 foi deseñada principalmente para as revisións sistemáticas de estudos que avaliaban os efectos das intervencións sanitarias. Non obstante, os ítems da lista de verificación son aplicables ás publicacións de revisións sistemáticas que avalían outras intervencións non relacionadas ca saúde (por exemplo, intervencións sociais ou educativas) (Page et al, 2021). De feito, o

seguimento do protocolo PRISMA configúrase na actualidade como unha das formas máis habituais para a realización de revisións sistemáticas no ámbito educativo (Sánchez-Serrano et al., 2022).

Según Pollock e Berge (2018), as etapas fundamentais na elaboración de revisións sistemáticas comprenden: a definición precisa dos obxectivos e métodos mediante un protocolo establecido, a realización dunha busca exhaustiva de investigacións pertinentes, a recompilación estruturada de datos, a avaliación rigorosa da calidade metodolóxica dos estudos incluídos, a síntese da evidencia recollida e a interpretación detallada dos achados obtidos.

Aínda que este tipo de revisións deberían ser realizadas por varias persoas para garantir a fiabilidade do proceso, debido ás características do presente Traballo Fin de Máster (en adiante TFM), todas as fases desta revisión foron levadas a cabo pola autora do traballo.

Nos Anexos I e II móstranse nas respectivas Táboas 1 e 2 o proceso de selección dos artigos tras aplicar os criterios de elixibilidade expostos a continuación e o listado de ítems de comprobación a modo de garantía de que o proceso de revisión realizado se fundamentou na sistematicidade e rigorosidade características dunha revisión desta índole.

3.2 CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE

No contexto dunha revisión sistemática, os criterios de elixibilidade constitúen un conxunto de parámetros claramente definidos que determinan que estudos serán incluídos ou excluídos da análise. Estes criterios son fundamentais para garantir que a revisión sexa rigorosa, transparente e enfocada en responder de maneira precisa ás preguntas de investigación formuladas.

Por un lado, os *criterios de inclusión* (en adiante CI) especifican as características que os estudos deben cumprir para ser considerados na revisión. Por outro lado, os *criterios de exclusión* identifican as características que descualifican un estudo da revisión.

Neste apartado, descríbense detalladamente os criterios de inclusión e exclusión aplicados no proceso de selección de estudos, co propósito de garantir a validez e relevancia dos resultados obtidos. Os criterios de inclusión preséntanse na Táboa 3, considerándose como criterios de exclusión todo aquilo que non cumpra cos criterios de inclusión que se detallan a continuación.

Táboa 3.

Criterios de inclusión xunto as súas respectivas abreviaturas.

Criterios de inclusión	Abreviatura
Tipoloxía de documentos: artigos de revistas científicas e actas de congresos.	CI1
Publicados nos últimos 10 anos (2015-2024, ambos incluídos). * ¹	CI2
En inglés, francés, portugués ou español.	CI3
Incluír no seu título, resumo e/ou palabras clave, algún dos termos de busca relativos á RV e a FP.	CI4
Investigación empírica cuantitativa, cualitativa ou mixta. De corte transversal ou lonxitudinal.	CI5
Estudos de investigación empírica realizados no ámbito da FP, tanto en institucións educativas como en contextos laborais de formación práctica.	CI6
Resultados nos que se analice o efecto do emprego da RV como recurso didáctico para a ensinanza e aprendizaxe no eido da FP.	CI7
Mostra composta por estudantes e/ou docentes do ámbito da FP.	CI8
Disponibilidade de texto completo * ²	CI9

Nota. Táboa de elaboración propia.

*¹ A maiores inclúense as publicacións realizadas no 2025 ata a data da busca (26 de xaneiro de 2025), garantíndose a actualidade dos datos tecnolóxicos e educativos analizados.

*2 Cómpre resaltar que a busca de información nas bases de datos non se limita exclusivamente ós artigos de acceso aberto (Open Access), dado que poderían existir publicacións de interese que non estean dispoñibles de forma libre en ditas plataformas. Nestes casos, considéranse alternativas adicionais para a obtención dos documentos, tales como a solicitude de préstamo interbibliotecario ou o uso de plataformas académicas como ResearchGate, que permiten, en algúns casos, contactar directamente cas autorías para solicitar o acceso ós artigos pertinentes.

3.3 FONTES DE INFORMACIÓN E ESTRATEXIA DE BUSCA

Para a realización da presente revisión, o 26 de xaneiro de 2025 levouse a cabo unha busca exhaustiva nas bases de datos *Web of Science (en adiante WoS)*, *Scopus*, *Education Resources Information Center (en adiante ERIC)* e *Dialnet Plus*, seleccionadas polas súas características distintivas e aportes relevantes. Scopus e WoS foron elixidas polo seu recoñecido estándar de calidade en publicacións científicas, cunha ampla e diversa cobertura temática, e ferramentas avanzadas de análises e buscas, as cales permiten unha identificación precisa de estudos relevantes. No que respecta a ERIC, é unha das bases de datos máis recoñecidas a nivel mundial no ámbito da educación, proporcionando acceso a unha ampla gama de publicacións académicas, informes de investigación e recursos relacionados especificamente ca ensinanza e a FP. Por outro lado, Dialnet Plus, facilita o acceso a investigacións significativas dentro do contexto educativo hispanofalante.

Para realizar esta busca, empregáronse termos relacionados ca RV e a FP, tal como se detalla na Táboa 4. Estes termos foron integrados de maneira sistemática nas consultas realizadas nas bases de datos, utilizando operadores booleanos co obxectivo de refinar os resultados e garantir a relevancia dos estudos identificados. Isto permitiu definir algoritmos de busca específicos que, combinados cas particularidades de cada base de datos, deron como resultado as estratexias detalladas na Táboa 5.

É preciso destacar que, dado o amplo abanico de termos empregados a nivel global para referirse ó que en España se denomina FP, utilizáronse palabras clave que, nalgúns países, fan referencia a este nivel formativo mentres que noutros poden abarcar estudos doutros niveis. Deste xeito, preferiuse realizar unha busca máis ampla e incluír estes termos, para logo realizar unha selección manual das publicacións, en lugar de restrinxir demasiado a busca e correr o risco de omitir artigos potencialmente relevantes.

Táboa 4.

Termos empregados na busca inicial nas bases de datos.

Realidade virtual	Formación Profesional
Realidad virtual; Virtual reality	Formación Profesional
Simulación virtual; Virtual simulation	Educación técnico profesional
Entornos virtuales; Virtual environments	Educación técnico productiva
Aprendizaje inmersivo; Immersive learning	EFTP
Entrenamiento virtual inmersivo;	Vocational training
Immersive virtual training	Technical education
	Vocational education
	Vocational education and training
	Vocational education training
	Vocational technical education
	Technical and further education
	TVET
	VET
	TAFE

Nota. Táboa de elaboración propia.

Táboa 5.

Relación de bases de datos e algoritmos de busca empregados.

Base de datos	Algoritmo de busca
Web of Science (WOS)	(AB=(("Virtual reality" OR "Virtual simulation" OR "Virtual environments" OR "Immersive learning" OR "Immersive virtual training"))) AND AB=(("Vocational training" OR "Technical education" OR "Vocational education" OR "Vocational education and training" OR "Vocational education training" OR "Vocational technical education" OR "Technical and further education" OR TVET OR VET OR TAFE))

Scopus	<p>(TITLE-ABS-KEY ("Virtual reality" OR "Virtual simulation" OR "Virtual environments" OR "Immersive learning" OR "Immersive virtual training") AND TITLE-ABS-KEY ("Vocational training" OR "Technical education" OR "Vocational education" OR "Vocational education and training" OR "Vocational education training" OR "Vocational technical education" OR "Technical and further education" OR tvet OR vet OR tafe))</p>
ERIC	<p>(TI ("Virtual reality" OR "Virtual simulation" OR "Virtual environments" OR "Immersive learning" OR "Immersive virtual training") OR AB ("Virtual reality" OR "Virtual simulation" OR "Virtual environments" OR "Immersive learning" OR "Immersive virtual training")) AND (TI ("Vocational training" OR "Technical education" OR "Vocational education" OR "Vocational education and training" OR "Vocational education training" OR "Vocational technical education" OR "Technical and further education" OR TVET OR VET OR TAFE) OR AB ("Vocational training" OR "Technical education" OR "Vocational education" OR "Vocational education and training" OR "Vocational education training" OR "Vocational technical education" OR "Technical and further education" OR TVET OR VET OR TAFE))</p>
Dialnet Plus	<p>Resumen: ("Realidad virtual" OR "Simulación virtual" OR "Entornos virtuales" OR "Aprendizaje inmersivo" OR "Entrenamiento virtual inmersivo") AND ("Formación profesional" OR "Educación técnico profesional" OR "Educación técnico productiva" OR EFTP)</p>


Nota. Táboa de elaboración propia

3.4 PROCESO DE SELECCIÓN

Como se comentou con anterioridade, a autora deste TFM foi a responsable de levar a cabo o proceso de busca e posterior selección e análise das publicacións finais incluídas nesta revisión. O desenvolvemento do proceso de selección realizouse en varias fases diferenciadas, seguindo as directrices da declaración PRISMA, tal e como se pode observar no diagrama de fluxo recollido na Figura 3.

Figura 3.

Diagrama de fluxo.



Nota. Diagrama de elaboración propia.

Na fase de identificación, foron localizados os artigos nas distintas bases de datos mediante a aplicación dos algoritmos de busca previamente expostos. Procedeuse á eliminación automática en cada base de datos das publicacións que non cumprían os filtros establecidos nos criterios de inclusión CI1 - CI4 e descartáronse os artigos duplicados empregando a plataforma RefWorks para facilitar a detección e posterior eliminación das publicacións duplicadas.

Na fase de cribado, realizouse unha revisión detallada, tal e como mostra a Táboa 1 do Anexo I, para comprobar o cumprimento dos criterios restantes, analizando o título, o resumo e as palabras clave e sendo necesario nalgúns casos, ler o texto completo para asegurarse da idoneidade das publicacións seleccionadas.

Tras levar a cabo este proceso obtivéronse un total de 29 publicacións recollidas na Táboa 6 incluída no Anexo III.

4. RESULTADOS

Co propósito de garantir un procedemento sistemático que asegure un tratamento homoxéneo de todos os artigos, preséntase unha síntese dos estudos seleccionados na Táboa 7 adxunta no Anexo IV. Nela recóllese información sobre o ciclo formativo, módulo e/ou familia profesional na que se desenvolve o estudo (ca súa posible equivalencia a nivel da FP en España), os obxectivos de investigación, as características da mostra analizada, a metodoloxía empregada e os resultados obtidos.

Concluída a síntese descritiva dos estudos seleccionados nesta revisión, iníciase a exposición detallada dos resultados, estruturada de acordo cas PI previamente establecidas.

PIE1. Que tendencias bibliométricas caracterizan a investigación sobre o uso da RV como recurso didáctico na FP?

Os estudos revisados caracterízanse, na súa maioría, por empregar un deseño cuasiexperimental (24 estudos), cuantitativo (17 estudos) e de corte transversal (23 estudos). No referente á distribución xeográfica, as investigacións foron realizadas maioritariamente en Asia e Europa. En concreto, 8 estudos tiveron lugar en China, 5 en Suíza e Alemaña, 3 en Bélxica, 2 en Brasil e 1 en España, India, Taiwán, Palestina, Corea do Sur e Eslovenia. As publicacións analizadas aumentaron progresivamente nos últimos anos, destacando especialmente os anos 2023 e 2024 como os máis produtivos. Como ámbitos máis investigados destacan aqueles vinculados con sectores técnicos e industriais, como a electricidade, a fabricación mecánica, o mantemento de vehículos, a edificación e obra civil, o transporte e a loxística, a carpintaría, así como a xardinaría.

En canto ás características das mostras, os datos proporcionados polos artigos son variados. O tamaño das mostras oscila entre os 8 e os 240 participantes, sendo este último o valor máximo. Cómpre destacar que os estudos de Chen (2022) e Hao e Liu (2024) non achegan información sobre o tamaño da mostra.

Respecto ó perfil das persoas participantes, 24 dos estudos foron realizados exclusivamente con estudantado, 2 centrados en profesorado, 2 combinaron estudantes e docentes, e 1 estudo contou cunha mostra mixta composta por 10 estudantes e 2 persoas expertas.

PIE2. Cal é o impacto da RV na aprendizaxe e na adquisición de competencias específicas no alumnado de FP?

Os estudos analizados evidencian, de maneira xeral, un impacto positivo da RV, tanto inmersiva como non inmersiva, nos procesos de aprendizaxe. Tal e como reflexa Mulders et al. (2024), a aplicación da RV apoia a adquisición de habilidades, coñecementos e actitudes por igual. En base a isto, analizaranse os efectos da mesma na adquisición de coñecementos teóricos, desenvolvemento de habilidades prácticas e efectos a nivel actitudinal.

No que se refire á abordaxe máis conceptual da aprendizaxe, os estudos analizados observan como a RV promove a adquisición de coñecementos específicos como o mantemento de vehículos (Chen et al., 2018), a instalación de infraestruturas de redes computadoradas (Damasceno et al., 2017), a xestión do pequeno comercio (Kablitz et al., 2023), e as actividades gandeiras, agrícolas e de horticultura (De Oliveira Brelaz et al., 2017; Dobricki et al., 2021) entre outros, facilitando a comprensión dos contidos (De Oliveira Brelaz et al., 2017; Lee, 2023; Wen & Fu, 2021). Isto maniféstase nunha mellora significativa no rendemento promedio entre as probas previas e posteriores á intervención (Brucker-Kley et al., 2023; Damasceno et al. 2017; Jiménez et al., 2018; Lee, 2023; Long et al., 2024; José et al. 2016; Keller et al., 2025; Keller et al., 2023; Qin & Li, 2023), o que mostra unha correlación positiva cos resultados de aprendizaxe (Chen et al., 2018; De Oliveira Brelaz et al., 2017).

No que respecta ás habilidades prácticas, Veber et al. (2022) sinala unha redución dos tempos de aprendizaxe procedemental e varios estudos destacan a mellora específica de destrezas técnicas grazas ó uso da RV. No ámbito da soldadura, Ajith Benson et al. (2016) mostraron que o uso da RV permitiu ó alumnado adquirir precisión na distancia e velocidade do proceso, alcanzando unha taxa de precisión do 85%. Na formación en carpintería, a intervención con RV supuxo unha mellora progresiva e significativa nas habilidades prácticas ó longo de 5 ensaios, especialmente na organización do proceso de traballo, rectitude do corte e velocidade, cun aumento do rendemento superior ó 40% en todos estes aspectos (José et al., 2016).

Do mesmo xeito, ferramentas como *SimNet3D* facilitaron un traspaso efectivo de coñecementos e o desenvolvemento de habilidades técnicas, como no caso das redes de computadores (Damasceno et al., 2017); mentres que no sector da automoción, o uso da RV foi valorado positivamente para apoiar a destreza no campo da pintura de vehículos (Mulders et al., 2024). Estes resultados positivos tamén son recollidos noutras investigacións no ámbito do deseño ó mellorar a proporción e composición dos mesmos (Kim et al., 2020; Qin & Li, 2023).

Por outra banda, os estudos revisados mostran que a RV exerce un impacto positivo considerable sobre diversos factores emocionais e motivacionais que poden influír na aprendizaxe. Diversos estudos sinalan unha mellora notable do entusiasmo, interese, motivación e confianza do alumnado (Boel et al., 2024; Boel et al., 2022; Chen, 2022; Hao & Liu, 2024; Jiménez et al., 2018; Kolarik et al., 2023; Lee, 2023; Shamseieh & Mousa, 2024; Thomann et al., 2024; Veber et al., 2022). O uso de simuladores fomentou a experimentación e a curiosidade (Damasceno et al., 2017) e xerou emocións positivas, compromiso e sensación de presenza (Boel et al., 2024; Boel et al., 2022; Brucker-Kley et al., 2023; Dobricki et al., 2021; Keller et al., 2025; Schild et al., 2018; Thomann et al., 2024).

Tamén se rexistraron valores elevados de participación e atención, tanto desde a percepción do alumnado como do profesorado (Boel et al., 2024; Long et al., 2024; Veber et al., 2022).

PIE3. Existen diferenzas significativas nos resultados de aprendizaxe entre o uso de aplicacións de RV e as metodoloxías didácticas tradicionais na FP?

A análise dos estudos amosa que, en xeral, o grupo que empregou RV (grupo experimental) acadou resultados significativamente mellores en comparación co grupo control en diferentes dimensións da aprendizaxe. En canto ó rendemento académico, varios estudos indican unha mellora significativa nas puntuacións pre e postest, así como un maior dominio de contidos teóricos e habilidades prácticas no grupo experimental (Brucker-Kley et al., 2023; Jiménez et al., 2018; Kablitz et al., 2023; Keller et al., 2023; Lee, 2023; Long et al., 2024; Veber et al., 2022) cunha maior comprensión de tarefas procedementais (Lee, 2023). Na parte actitudinal, os grupos que empregaron esta tecnoloxía obtiveron mellores resultados en canto ó estado de ánimo, a motivación intrínseca e a inmersión na aprendizaxe (Kolarik et al., 2023; Lee, 2023; Long et al., 2024; Thomann et al., 2024).

Non obstante, Kolarik et al. (2023) establece que ambos métodos son igualmente eficaces para transmitir coñecementos. Seguindo esta liña, Qin e Li (2023) obtiveron resultados positivos con cada aplicación en diferentes aspectos, e no estudo de Thomann et al. (2024) o coñecemento percibido resultou máis elevado no grupo experimental, aínda que o coñecemento inmediato foi superior no grupo control.

Así mesmo, dous dos estudos revisados coinciden en destacar os beneficios de combinar ambos enfoques, sinalando a mesma orde de aplicación. En ámbolos dous casos, conclúese que utilizar a RV despois de realizar o bosquejo en papel contribúe a mellorar a calidade do deseño (Kim et al., 2020; Qin & Li, 2023).

Xa no referido á carga cognitiva, os resultados son diversos. Mentres que no estudo de Kolarik et al. (2023) se mantén similar entre grupos, Lee (2023) reporta unha redución significativa no grupo experimental.

PIE4. Existen diferenzas nos resultados de aprendizaxe entre a utilización de RVi e non inmersiva na FP?

Dous estudos incluídos na revisión realizaron unha análise comparativa entre a RVi e non inmersiva, ca fin de avaliar as súas diferenzas en termos de eficacia educativa.

Dobricki et al. (2021) apunta a unha maior utilidade educativa da versión inmersiva cun maior compromiso ca aprendizaxe. De igual maneira, o grupo de RVi obtivo mellores resultados na investigación de Keller et al. (2025), o cal considera a sensación de presenza e a motivación factores relevantes para acadar os resultados de aprendizaxe, identificando un efecto positivo significativamente maior na versión inmersiva.

PIE5. Cal é a percepción do profesorado e alumnado de FP sobre o emprego de aplicación de RV no proceso de ensino-aprendizaxe?

Os estudos revisados destacan que a RV ofrece unha experiencia de aprendizaxe positiva (Chen et al., 2018; Jiménez et al., 2018; Mulders et al., 2024; Schild et al. 2018; Shin et al., 2019), especialmente en termos de presenza (Boel et al., 2024; Boel et al., 2022; Brucker-Kley et al., 2023; Schild et al., 2018; Thomann et al., 2024) e deseño (Boel et al., 2024; Damasceno et al., 2017), afirmando neste último estudo non notar diferencias entre os obxectos virtuais e os dispositivos reais nun 86% dos casos.

Boel et al. (2024) recolle a valoración positiva en termos de valor/utilidade e utilidade percibida, mentres que Dobricki et al. (2021) secunda esta información, destacando a utilidade da RV para a ensinanza naturalista e para a integración da información de aprendizaxe, pero destaca a maior utilidade educativa da versión inmersiva. Estes resultados positivos refléxanse tanto na percepción do estudantado, valorando a RV como unha boa forma de innovación do modelo educativo (Man et al. 2020), coma no interese nas posibilidades de desenvolvemento e emprego da RV e a disposición de usala por parte do profesorado (Shin et al., 2019).

A utilidade da RV foi analizada desde o punto de vista didáctico pero tamén como ferramenta avaliativa, tal e como se recolle no estudo de Xiang et al. (2022), onde o modelo de avaliación

deseñado considérase que pode axudar eficazmente ó persoal docente a avaliar ó estudantado con maior precisión.

O estudo de Shamseieh e Mousa (2024) establece unha relación positiva entre a utilidade e a facilidade de uso. En termos de usabilidade, Brucker-Kley et al. (2023) destaca a practicidade no manexo da ferramenta, aínda que se identifican necesidades de mellora na xestión das plataformas (Chen, 2022), no desenvolvemento do software para futuras versión (De Oliveira Brelaz et al., 2017), e no illamento auditivo e sensación de fluxo (Brucker-Kley et al., 2023). Problemas técnicos comúns incluíron fallos na conexión dos auriculares e problemas de son na comunicación entre alumnado e instrutorado (Schild et al., 2018).

5. DISCUSIÓN

Os ambientes virtuais para a formación adoitan deseñarse e presentarse como unha ferramenta para pechar a brecha entre a transmisión de coñecementos conceptuais e a aprendizaxe experiencial práctica no lugar de traballo (Drakos et al., 2024). Neste sentido, e en liña cos resultados extraídos da presente revisión sistemática, Hamilton et al. (2020) sostén que a tecnoloxía da RV destaca na adquisición de coñecemento declarativo e resulta especialmente eficaz na obtención de coñecemento procedemental, consolidándose así como un recurso valioso tanto para a teoría como para a práctica profesional.

A nivel emocional e motivacional, os achados obtidos indican que a RV incrementa o entusiasmo, a motivación, a confianza e a curiosidade do alumnado, fomentando a participación, a atención e a sensación de presenza tanto desde a perspectiva do alumnado como do profesorado. En relación a iso, é necesario destacar que, tal e como defende Oezhan e Kocadere (2020), os factores motivacionais inflúen no resultado da aprendizaxe a longo prazo, polo que a RV non só enriquece o proceso de aprendizaxe de forma inmediata, senón que tamén pode favorecer un maior rendemento académico a longo prazo ó reforzar os niveis de motivación do alumnado.

A análise conxunta dos estudos revisados permite afirmar que a incorporación da RV no ámbito educativo ofrece un conxunto de vantaxes significativas fronte ós métodos tradicionais, especialmente no que atinxe ó rendemento académico, á motivación do alumnado e á comprensión tanto de contidos teóricos como de tarefas prácticas. Estes resultados indican que a RV ten un gran valor e potencial de aplicación na formación práctica da educación profesional, tal e como recolle Long et al. (2024) na súa investigación.

De acordo ca pirámide de aprendizaxe do National Training Laboratories, o alumnado logra unha maior retención da información cando aprende mediante métodos prácticos interactivos

como a simulación (ata un 75%), en contraste co baixo nivel de retención que se consegue a través das clases maxistras tradicionais (apenas un 5%) (Davis, 2015).

Figura 4.

Pirámide de aprendizaxe.



Nota. De “Virtual reality simulation: An innovative teaching tool for dietetics experiential education” por Davis, 2015.

Estes datos son corroborados pola revisión sistemática de Lampropoulos e Kinshuk (2024), que resalta o papel da RV como recurso que pode conducir a maiores resultados de aprendizaxe en comparación ca ensinanza dirixida unicamente polo instrutor. Non obstante, a RV non se percibe como un substituto da formación no mundo real, pero pode preparar adecuadamente ó estudantado e mellorar e acelerar o dominio de habilidades de maneira eficiente (Mulders, 2022).

Do mesmo modo, cómpre destacar que non todos os estudos coinciden plenamente na superioridade da RV fronte o enfoque tradicional (Kolarik et al., 2023). Algunhas investigacións sinalan que os métodos tradicionais seguen a ser máis eficaces en determinados aspectos (Qin & Li, 2023), como no caso do coñecemento inmediato (Thomann et al., 2024). Non obstante, segundo Chang (2021) e Miguel-Alonso et al. (2024), a falta de familiaridade ca tecnoloxía da RV pode dificultar inicialmente a aprendizaxe ó aumentar a carga cognitiva exóxena en forma de distraccións, aínda que os resultados obtidos respecto á carga cognitiva non son coincidentes nesta revisión.

Neste contexto, 17 artigos dos incluídos nesta revisión indicaron a presenza dunhas indicacións ou formacións previas con RV precedentes ás avaliacións finais (Boel et al., 2024; Boel et al., 2022; Brucker-Kley et al., 2023; Chen et al., 2018; Damasceno et al., 2017; De

Oliveira Brelaz et al., 2017; José et al., 2016; Kablitz et al., 2023; Keller et al., 2023; Kim et al., 2020; Lee, 2023; Long et al., 2024; Mulders et al., 2024; Quin & Li, 2023; Schild et al., 2018; Thomann et al., 2024; Veber et al. 2022), mentres que outros traballos recollen información sobre a existencia ou non de experiencia previa con esta tecnoloxía (De Oliveira Brelaz et al., 2017; Dobricki et al., 2021; Jiménez et al., 2018; Kablitz et al., 2023; Kolarick et al., 2023; Long et al., 2024; Mulders et al., 2024; Shin et al., 2019; Thomann et al., 2024; Veber et al., 2022). Á hora da comparación entre a RV e a metodoloxía tradicional, tamén é necesario avaliar o nivel de coñecementos previos de partida en cada grupo sobre os contidos a tratar, xa que este factor pode influír nos resultados finais, así como o tamaño da mostra dos diferentes estudos debe ser máis representativa para obter resultados máis significativos.

Con todo, a combinación de métodos preséntase como unha opción prometedora, postura tamén defendida por outras investigacións como a de De Jong et al. (2013), quen defende que a combinación de RV ca práctica física pode ser máis efectiva que calquera delas por separado. Aínda que o número de publicacións é reducido, existe certo consenso en que a secuencia máis axeitada sería empregar a RV despois da aplicación das metodoloxías tradicionais, en concordancia con outras investigacións como a de Paxinou et al. (2022), onde se suxire que esta secuencia pode mellorar as capacidades de aprendizaxe autónoma do estudantado.

No que respecta ó grao de inmersión, este afecta de maneira significativa á sensación de presenza da persoa usuaria nun ambiente virtual (Buttussi & Chittaro, 2018; Makransky & Lilleholt, 2018), a cal pode ter un efecto fundamentalmente positivo nos resultados de aprendizaxe (Keller et al., 2025). Por outra banda, Parong et al. (2020) destacou a complexa relación entre inmersión e aprendizaxe, salientando que unha inmersión excesiva pode xerar unha alta carga cognitiva, o que pode afectar negativamente tanto á aprendizaxe como ó rendemento.

Malia iso, os estudos revisados xunto con outras autorías como Bharathi e Tucker (2015) suxiren que a RVi presenta unha maior eficacia educativa en comparación ca non inmersiva. Ademais, a sensación de presenza e a motivación, identificadas como factores relevantes, exerceron un efecto positivo e significativo nos resultados de aprendizaxe do estudantado que utilizou a RVi (Dobricki et al., 2021; Keller et al., 2025). Non obstante, debido ó número reducido de estudos dispoñibles, esta conclusión debe interpretarse con cautela, xa que non se pode considerar estatisticamente significativa.

Xa no que se refire á percepción do alumnado e do profesorado de FP, os estudos analizados evidencian que a RV proporciona unha experiencia de aprendizaxe positiva e a valoración do valor e da utilidade percibida da RV é favorable, evidenciando o seu potencial para a integración de contidos de aprendizaxe, especialmente en versións inmersivas (Boel et al.,

2024; Dobricki et al., 2021), así como ferramenta avaliativa (Xiang et al., 2022). Ademais, novas propostas de intervención, como a de Magetos et al. (2023), xunto co interese e a disposición do profesorado para empregar esta tecnoloxía auguran un futuro desenvolvemento e implantación educativa (Shin et al., 2019). Neste contexto, a RV tamén se presenta como unha solución eficaz para afrontar retos específicos dalgúns sectores formativos, como o elevado custo dos materiais, a perigosidade dos ambientes reais de traballo ou a falta de accesibilidade a determinadas zonas durante as fases de produción, permitindo así un adestramento máis económico, seguro e accesible (Drakos et al., 2024).

No que respecta á facilidade de uso, aínda que esta se relaciona positivamente ca utilidade (Shamseieh & Mousa, 2024), persisten retos técnicos que afectan á experiencia, como a necesidade de melloras na xestión das plataformas (Chen, 2022) e no desenvolvemento de software (De Oliveira Brelaz et al., 2017), así como problemas de conexión e comunicación detectados nalgún estudo (Schild et al., 2018). Non obstante, outros traballos mostran que as características de deseño que se consideran efectivas difiren en gran medida segundo o nivel educativo e o tema da experiencia de aprendizaxe, polo que non hai un único modelo de deseño válido para calquera contexto (Radianti et al., 2020).

De cara ó futuro, as perspectivas de aplicación da tecnoloxía de RV na formación práctica para a FP son aínda máis amplas. Co continuo desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, pódese predicir a aparición de plataformas e ferramentas de ensino de RV máis avanzadas e completas. Ademais, as investigacións futuras poden centrarse na aplicación integrada da tecnoloxía da RV con outras tecnoloxías emerxentes, como a intelixencia artificial e o big data. A combinación destas tecnoloxías achegará máis posibilidades innovadoras e espazo de desenvolvemento á formación práctica na FP (Long et al., 2024).

Non obstante, é preciso destacar que tal e como defende Mulders (2022), as ferramentas de aprendizaxe, como a RV, non resultan eficaces por si soas no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa utilidade depende en gran medida do enfoque pedagóxico co que se empreguen. Por iso, para garantir a eficacia da RV como recurso didáctico, é preciso adoptar un modelo de deseño instrutivo estruturado que oriente a creación dun entorno formativo funcional reforzado, en tal caso, pola RV.

6. CONCLUSIÓNS

A evidencia extraída da presente revisión suxire que a RV pode favorecer unha aprendizaxe máis significativa e motivadora, facilitando unha maior inmersión no proceso educativo e promovendo actitudes positivas cara á aprendizaxe.

A aplicación da RV mostrou resultados positivos en canto á adquisición de coñecementos, habilidades prácticas e competencias actitudinais. Os seus efectos positivos xunto á posibilidade que brinda en canto á optimización de recursos, dispoñibilidade de ambientes laborais de difícil acceso ou simulación de escenarios de alto risco de maneira segura, fai que emerxa como un recurso pedagóxico a ter en conta.

A pesar de que algúns estudos destacan que en certos casos os métodos tradicionais seguen a ser máis eficaces, a maioría sinala un impacto globalmente positivo da RV. Non obstante, este recurso non se percibe como un substituto da formación no mundo real, pero pode preparar adecuadamente ó estudantado e mellorar e acelerar o dominio das diferentes habilidades.

En canto ó grao de inmersión, é preciso un maior número de investigacións para extraer datos máis significativos sobre a relevancia e repercusión deste aspecto no proceso de aprendizaxe. Así mesmo, a percepción positiva do alumnado e do profesorado, xunto co seu potencial para superar limitacións prácticas e económicas, apunta a un futuro prometedor para a integración da RV na FP. Con todo, aínda subsisten certos retos técnicos por resolver e prevese que xurdan novos desafíos e oportunidades, especialmente no relativo ós dispositivos de visualización e ós controladores.

Con esta revisión sistemática, por tanto, dáse resposta a tódalas preguntas de investigación formuladas, abordando o emprego da RV como recurso didáctico no marco da FP. Do mesmo xeito, este TFM permite integrar as competencias de maneira estruturada, respondendo ás metas académicas e profesionais do programa de estudos. En concreto, a revisión sistemática realizada permite acadar ás competencias recollidas na Guía docente do Máster de profesorado (Universidade de Santiago de Compostela [USC], 2024a) así como na Guía do TFM (curso 2024-2025) (Universidade de Santiago de Compostela [USC], 2024b), abordando aspectos xerais, transversais e específicos. Entre elas, destacan a participación na avaliación e innovación educativa, o manexo de bibliografía e recursos, a análise crítica da docencia, o coñecemento de prácticas docentes innovadoras e a formación continua do profesorado.

Así mesmo, a presente investigación ofrece unha análise crítica e actualizada sobre o uso da RV como recurso didáctico na FP, destacando varias implicacións relevantes, así como axuda a identificar áreas para futuras investigacións.

Por un lado destacar esta tecnoloxía como unha opción a ter en conta na súa implementación a nivel pedagóxico, dado os seus efectos sobre a adquisición de coñecementos, habilidades prácticas e aspectos actitudinais. Malia o elevado investimento inicial en tecnoloxía, a medio e longo prazo a RV pode reducir custos asociados a materiais consumibles ou equipamentos de prácticas e, ó mesmo tempo, permite acceder a ámbitos que na vida real poden non ser tan accesibles.

Ademais, a comparación ca metodoloxía tradicional permite identificar os puntos fortes da RV e combinar vantaxes de ambos enfoques para mellorar a aprendizaxe.

Ca mesma, os datos recadados sobre as percepcións do alumnado e o profesorado en canto ó emprego deste recurso, axuda a deseñar experiencias formativas máis realistas e adecuadas ós seus intereses e necesidades.

Limitacións da revisión e prospectivas

Aínda que se procurou garantir o máximo rigor metodolóxico e unha análise exhaustiva, como corresponde a unha revisión sistemática, este traballo non está exento de certas limitacións que deben terse en conta na interpretación dos seus achados.

Por unha banda, a selección de termos de busca en relación á FP debido á diferente terminoloxía que se emprega a nivel mundial para facer referencia a este nivel educativo, puido ocasionar a exclusión involuntaria de estudos relevantes. Por outra, o feito de que a revisión fora realizada por unha única autora pode introducir un sesgo na selección e análise da información. Con todo, o proceso de busca, identificación e selección de documentos foi descrito de maneira detallada, xustificando de forma clara as decisións adoptadas e garantindo a aplicación rigorosa dos criterios de inclusión e exclusión establecidos.

Así mesmo, a maioría dos artigos recollidos nesta revisión son de corte transversal, véndose limitada a análise dos efectos a longo prazo da RV sobre a aprendizaxe.

Tomando como referencia os resultados acadados ca revisión sistemática e as limitacións da mesma, pódense asentir as bases para outras liñas de investigación relacionadas con esta temática, que a continuación se mencionan de xeito esquemático a modo de exemplo:

- Estudiar os posibles efectos adversos e a súa relación cas características da RV en canto a tempo de exposición e grao de inmersión empregado.
- Afondar nas diferencias entre a RV inmersiva e non inmersiva.
- Estudiar os efectos a longo prazo da RV como recurso didáctico na FP.
- Analizar a diferenza de emprego da RV no ámbito universitario e no eido da FP.
- Realizar unha revisión sistemática do emprego da Realidade Aumentada e da Realidade Mixta na FP para a posterior comparativa ca RV.
- Analizar o efecto na aprendizaxe da interacción da RV con outras tecnoloxías como a intelixencia artificial ou o big data.

Por tanto, ábreanse novas vías de investigación que permitirán afondar no estudo e aplicación da RV como recurso didáctico no ámbito da FP, favorecendo unha mellor comprensión do seu impacto na ensinanza e aprendizaxe, así como o desenvolvemento de propostas pedagóxicas innovadoras.

Referencias

- Aguilar García, M., & Rodríguez-Losada, N. (2020). Uso de realidad virtual como una herramienta interactiva útil para el aprendizaje de contenidos anatómicos en el módulo de técnicas básicas de enfermería de Formación Profesional sanitaria. *1er Congreso Internacional sobre Educación Científica y Problemas Relevantes para la Ciudadanía, Spain*, 333-336. https://www.researchgate.net/publication/352906900_Libro_de_actas_del_1_Congreso_Internacional_sobre_Educacion_Cientifica_y_Problemas_Relevantes_para_la_Ciudadania
- *Ajith Benson, R., Krishnan, V. L., Anji Reddy, T., & Prasad, G. R. K. (2016). Virtual reality-based welding training simulator. *International Journal of Control Theory and Applications*, 9(2), 1235–1243. <https://www-scopus-com.ezbusc.usc.gal/inward/record.uri?eid=2-s2.0-84975105625&partnerID=40&md5=1a1eb5f9e21400b8423bcb6cc16974bd>
- Alhalabi, W. (2016). Virtual reality systems enhance students' achievements in engineering education. *Behaviour & Information Technology*, 35(11), 919-925. <https://doi.org/10.1080/0144929X.2016.1212931>
- Area, M. (2019). Guía para la producción y uso de materiales didácticos digitales. Recomendaciones de buenas prácticas para productores, profesorado y familias. *Universidad de La Laguna (Santa Cruz de Tenerife)*. 1-47. <https://riull.ull.es/xmlui/bitstream/handle/915/16086/Manuel%20Area%20GU%C3%8DA%20PARA%20LA%20PRODUCCI%C3%93N%20Y%20USO%20DE%20MATERIALES%20DID%C3%81CTICOS%20DIGITALES.pdf>
- Bamodu, O., & Ye, X. (2013). Virtual reality and virtual reality system components. *Atlantis Press*. 765, 1169-1172. <https://doi.org/10.2991/icsem.2013.192>
- Bharathi, A. K. B. G. & Tucker, C. S. (2015). Investigating the impact of interactive immersive virtual reality environments in enhancing task performance in online engineering design activities. *International Design Engineering Technical Conferences & Computers and Information in Engineering Conference, U.S.A*, 1–11. <https://doi.org/10.1115/DETC2015-47388>
- *Boel, C., Rotsaert, T., Valcke, M., Vanhulsel, A., & Schellens, T. (2024). Applying educational design research to develop a low-cost, mobile immersive virtual reality serious game teaching safety in secondary vocational education. *Education and Information Technologies*. 29(7), 8609–8646. <https://doi.org/10.1007/s10639-023-12126-4>
- *Boel, C., Rotsaert, T., Vleeschouwer, N., Valcke, M., Struyf, D., & Schellens, T. (2022). SAVR - design and evaluation of an immersive virtual reality serious game on hazard

- perception in technical and vocational education. *8th International Conference of the Immersive Learning Research Network (iLRN), Austria* 1-5. <https://doi.org/10.23919/iLRN55037.2022.9815899>
- Borré-Ortiz, Y. M., Lenis-Victoria, C., Suárez-Villa, M., & Tafur-Castillo, J. (2015). El conocimiento disciplinar en el currículo de enfermería: Una necesidad vital para transformar la práctica. *Revista Ciencias de la Salud*, 13(3), 481-491. <https://doi.org/10.12804/revsalud13.03.2015.12>
- *Brucker-Kley, E., Michot, J., Keller, T., Berger, M., & Hundozi, I. (2023). Evaluating user experience and effectiveness of an immersive virtual learning environment. *14th IIAI International Congress on Advanced Applied Informatics (IIAI-AAI), Japan*, 234-240. <https://doi.org/10.1109/IIAI-AAI59060.2023.00055>
- Bucăța, G., Popescu, F., Cioaca, C., & Comsa, O. (2023). Virtual reality and its applications in the process of leading military. *Romanian Journal of Information Technology and Automatic Control*, 33(2), 7-22. <https://doi.org/10.33436/v33i2y202301>
- Buttussi, F., & Chittaro, L. (2018). Effects of different types of virtual reality display on presence and learning in a safety training scenario. *IEEE Transactions on Visualization and Computer Graphics*, 24(2), 1063–1076. <https://doi.org/10.1109/TVCG.2017.2653117>
- Caballero-Garriazo, J., Rojas-Huacanca, J., Sánchez-Castro, A., & Lázaro-Aguirre, A. (2023). Systematic review on the application of virtual reality in university education. *Revista Electrónica Educare*, 27(3), 1-18. <https://doi.org/10.15359/ree.27-3.17271>
- Calderón, S., Bournissen, J., & Tumino, M. (2019). La realidad virtual y su impacto en el aprendizaje. *XXV Congreso Argentino de Ciencias de la Computación, Argentina*, 314-324. http://sedici.unlp.edu.ar/bitstream/handle/10915/90933/Documento_completo.pdf-PDFA.pdf?sequence=1&isAllowed=y
- Cano, R. (2019). Breve historia de la realidad virtual. *EVE Museos y exposiciones*, 1-9. https://www.researchgate.net/publication/324151205_BREVE_HISTORIA_DE_LA_REALIDAD_VIRTUAL
- Cepeda Cuartas, D., & Colmenares, L. (2022). Estudio del estado del arte de aplicaciones de realidad virtual aplicadas en el sector aeroespacial (Trabajo de grado profesional) *Universidad de San Buenaventura*. <https://bibliotecadigital.usb.edu.co/server/api/core/bitstreams/ed8d29f7-c014-40c8-a7ae-0a4750f52f15/content>
- Cerdà-Navarro, A., Sureda-García, I., & Salvà-Mut, F. (2020). Intención de abandono y abandono durante el primer curso de Formación Profesional de grado medio: un análisis tomando como referencia el concepto de implicación del estudiante. *Estudios sobre Educación*, 39, 33-57. <https://doi.org/10.15581/004.39.33-57>

- Chang, Y. (2021). Effects of virtual reality application on skill learning for optical-fibre fusion splicing. *British Journal of Educational Technology*, 52(6), 2209–2226. <https://doi.org/10.1111/bjet.13118>
- *Chen, Y. (2022). Construction of english resource database based on virtual reality technology. *2nd International Conference on Mobile Networks and Wireless Communications (ICMNWC)*, India, 1-5. <https://doi.org/10.1109/ICMNWC56175.2022.10031816>
- *Chen, Y., Luo, Y., Fang, X., & Shieh, C. (2018). Effects of the application of computer multimedia teaching to automobile vocational education on students' learning satisfaction and learning outcome. *Eurasia Journal of Mathematics, Science and Technology Education*, 14(7), 3293–3300. <https://doi.org/10.29333/ejmste/91245>
- Chica Zambrano, J., Sánchez Mecias, M., & Anchaluisa Parra, L. (2024). Virtual reality as an educational resource in the field of occupational safety. *Revista Científica Multidisciplinar G-Nerando*, 5(1), 28-39. <https://doi.org/10.60100/rcmg.v5i1.182>
- Daghestani, L. (2013). The design, implementation and evaluation of a desktop VR for teaching numeracy concepts via virtual manipulatives. (Doctoral thesis). *University of Huddersfield*, 1-199. https://eprints.hud.ac.uk/id/eprint/19037/1/Final_Thesis_-_August_2013.pdf
- *Damasceno, E., Augusto Nardi, P., Anastacio Silva, A. K., Dias Junior, J. B., & Cardoso, A. (2017). 3D virtual simulation approach in brazilian vocational education for computers network adapted to student knowledge. *IEEE Latin America Transactions*, 15(10), 1917–1925. <https://doi.org/10.1109/TLA.2017.8071236>
- Davis, A. (2015). Virtual reality simulation: An innovative teaching tool for dietetics experiential education. *The Open Nutrition Journal*, 9(1), 65–75. <https://digitalcommons.newhaven.edu/cgi/viewcontent.cgi?article=1000&context=nutritionanddietetics-facpubs>
- *De Oliveira Brelaz, É C. D., Ramos, I. M. M., Da Silva, D. M., Ferreira, H. P., & Ramos, D. B. (2017). Fazenda 3D: Evaluation of a virtual environment for farming technical education. *Twelfth Latin American Conference on Learning Technologies (LACLO)*, Argentina, 1-4. <https://doi.org/10.1109/LACLO.2017.8120929>
- Dechsling, A., Shic, F., Zhang, D., Marschik, P., Espósito, G., & Orm, S. (2021). Virtual reality and naturalistic developmental behavioral interventions for children with autism spectrum disorder. *Research in Developmental Disabilities*, 111, 1-11. <https://doi.org/10.1016/j.ridd.2021.103885>
- Dechsling, A., Vister, O., Johansen, T., Bortveit, L., & Herikstad, Y. (2024). Implementing virtual reality in special education: Teachers' perspectives. *International Journal of*

- Disability, Development and Education*, 1-16.
<https://doi.org/10.1080/1034912X.2024.2427603>
- De Jong, T., Linn, M. C., & Zacharia, Z. C. (2013). Physical and virtual laboratories in science and engineering education. *Science*, 340(6130), 305–308.
<https://doi.org/10.1126/science.1230579>
- DiNatale, A., Repetto, C., Riva, G., & Villani. (2020). Immersive virtual reality in K-12 and higher education: A 10-year systematic review of empirical research. *British Journal of Educational Technology*, 51(6), 2006-2033. <https://doi.org/10.1111/bjet.13030>
- *Dobricki, M., Kim, K. G., Coppi, A. E., Dillenbourg, P., & Cattaneo, A. (2021). Perceived educational usefulness of a virtual-reality work situation depends on the spatial human-environment relation. *Research in Learning Technology*, 29, 1–11.
<https://doi.org/10.25304/rlt.v29.2453>
- Drakos, A., Theureau, J., Filippi, G., Flandin, S., & Poizat, G. (2024). L'activité réflexive des agents de terrain lors d'un dispositif de formation hybride qui intègre de la réalité virtuelle. *Open edition journals*. 21(2), 1-33. <https://doi.org/10.4000/12huk>
- Freina, L., & Ott, M. (2015). A literature review on immersive virtual reality in education: state of the art and perspectives. *The International Scientific Conference eLearning and Software for Education, Romania*.
<https://www.itd.cnr.it/download/eLSE%202015%20Freina%20Ott%20Paper.pdf>
- Gavish, N., Gutiérrez, T., Webel, S., Rodríguez, J., Peveri, M., & Román, J. (2015). Evaluating virtual reality and augmented reality training for industrial maintenance and assembly tasks. *Interactive Learning Environments*, 23(6), 778-798.
<https://doi.org/10.1080/10494820.2013.815221>
- Girardi, R., Pereira Hijo, A., Pinheiro Teodoro, G., & De Oliveira, J. (2024). TAT VR: a virtual reality simulator for military shooting training. *SVR'22: Actas del 24º Simposion sobre Realidad Virtual y Aumentada, Brasil*, 21-28. <https://doi.org/10.1145/3604479.3604504>
- Gomes, P., Marques, A., Donga, J., Sá, C., Correia, A., & Pereira J. (2021). Adaptive model for biofeedback data flows management in the design of interactive immersive environments. *Applied Science*, 11(11), 5067. <https://doi.org/10.3390/app11115067>
- González Alba, B., Cortés González, P., & Leite Méndez, A. (2020). Las aulas multigrado en el medio rural en Andalucía. Visiones docentes. *Revista de Investigación Educativa de La REDIECH*, 11, 860. https://doi.org/10.33010/ie_rie_rediech.v11i0.860
- Greenwald, S., Kulik, A., Kunert, A., Beck, S., Fröhlich, B., & Cobb, S. (2017). Technology and applications for collaborative learning in virtual reality. *CSCL*, 719-726.

- Gutiérrez, J., Domínguez, M., & González, G. (2015). Using 3D virtual technologies to train spatial skills in engineering. *The International Journal of Engineering Education*, 31(1), 323–334.
- Guzman Galarza, F., & Buitrago Cortés, S. (2023). La realidad virtual como recurso en las capacitaciones de seguridad y salud en el trabajo, surgimiento, impacto y oportunidades de futuro en el Ecuador. *Universidad Internacional SEK*.
- *Hao, Y., & Liu, S. (2024). Research on the construction path of vocational education virtual simulation training base combining multi-source data. *Applied Mathematics and Nonlinear Sciences*, 9(1). <https://doi.org/10.2478/amns.2023.2.01096>
- Hamilton D, McKechnie J, Edgerton E, Wilson C. (2020). Immersive virtual reality as a pedagogical tool in education: a systematic literature review of quantitative learning outcomes and experimental design. *Journal of Computers in Education*. 8, 1-32 . <https://doi.org/10.1007/s40692-020-00169-2>
- Harris, K., & Reid, D. (2005). The influence of virtual reality play on children's motivation. *Canadian Journal of Occupational Therapy*, 72(1), 21-29.
- Hernández, L., Taibo, J., Seoane, A., & Jaspe, A. (2011). La percepción del espacio en la visualización de arquitectura mediante realidad virtual inmersiva. *EGA. Revista de Expresión Gráfica Arquitectónica*, 16(18), 252-261. <https://doi.org/10.4995/ega.2011.1110>
- Hönig, W., Milanes, C., Scaria, L., Phan, T., Bolas, M., & Ayanian, N. (2015). Mixed reality for robotics. *IEEE*, 5382-5387. <https://doi.org/10.1109/IROS.2015.7354138>
- *Jiménez, E., Mariscal, G., Heredia, M., & Castilla, G. (2018). Virtual reality versus master class: a comparative study. *Sixth International Conference on Technological Ecosystems for Enhancing Multiculturality (Teem'18), Spain* 568–573. <https://doi.org/10.1145/3284179.3284276>
- Jiménez, R. (2014). Realidad virtual, su presente y su futuro. *Universidad Católica Nuestra Señora de la Asunción*, 1-24. https://gc.scalahed.com/recursos/files/r161r/w24792w/RVAE/RV_presente_futuro.pdf
- *José, J., Unnikrishnan, R., Marshall, D., & Bhavani, R. R. (2016). Haptics enhanced multi-Tool virtual interfaces for training carpentry skills. *International Conference on Robotics and Automation for Humanitarian Applications (Raha), India*, 1–6. <https://doi.org/10.1109/RAHA.2016.7931900>
- *Kablitz, D., Conrad, M., & Schumann, S. (2023). Immersive VR-based instruction in vocational schools: effects on domain-specific knowledge and wellbeing of retail trainees. *Empirical Research in Vocational Education and Training*, 15(1). <https://doi.org/10.1186/s40461-023-00148-8>

- *Keller, C., Walker, G., Amenduni, F., Tela, A., & Cattaneo, A. (2025). Find the apartment's flaws! the impact of virtual reality on vocational students' performance in general education classes and the roles of flow experience, motivation, and sense of presence. *Education and Information Technologies* 1-26. <https://doi.org/10.1007/s10639-025-13320-2>
- *Keller, T., Berger, M., Michot, J., Brucker-Kley, E., & Knaack, R. (2023). Didactics and technical challenges of virtual learning locations for vocational education and training. *Learning and Collaboration Technologies*, 14041, 95–114. https://doi.org/10.1007/978-3-031-34550-0_7
- *Kim, K. G., Oertel, C., Dobricki, M., Olsen, J. K., Coppi, A. E., Cattaneo, A., & Dillenbourg, P. (2020). Using immersive virtual reality to support designing skills in vocational education. *British Journal of Educational Technology*, 51(6), 2199–2213. <https://doi.org/10.1111/bjet.13026>
- *Kolarik, S., Ziolkowski, K., & Schlueter, C. (2023). Impact of VR on learning experience compared to a paper based approach. *Adcaij-Advances in Distributed Computing and Artificial Intelligence Journal*, 12(1), 31134. <https://doi.org/10.14201/adcaij.31134>
- Lampropoulos, G., & Kinshuk. (2024). Virtual reality and gamification in education: a systematic review. *Educational Technology Research and development*, 72, 1691–1785. <https://doi.org/10.1007/s11423-024-10351-3>
- Lara, G., Santana, A., Lira, A., & Peña, A. (2019). El desarrollo del hardware para la realidad virtual. *Revista Ibérica de Sistemas y Tecnologías de Información* (31), 106-117.
- *Lee, I. (2023). Applying virtual reality for learning woodworking in the vocational training of batch wood furniture production. *Interactive Learning Environments*, 31(3), 1448–1466. <https://doi.org/10.1080/10494820.2020.1841799>
- Letelier, L., Manríquez, J., & Rada, G. (2005). Revisiones sistemáticas y metaanálisis: ¿son la mejor evidencia? *Revista Médica de Chile*, 133(2), 246-249.
- Lin, C., Chen, S., & Lin, R. (2020). Efficacy of virtual reality in painting art exhibitions appreciation. *Applied Science*, 10(9), 3012. <https://doi.org/10.3390/app10093012>
- Lin, Y., & Lee, I. (2020). Development of an augmented reality system achieving in CNC machine operation simulations in furniture trial teaching course. *Springer*, 121-135.
- Linares-Vargas, B., & Cieza-Mostacero, S. (2025). Interactive virtual reality environments and emotions: a systematic review. *Springer*, 29(3), 1-19. <https://doi.org/10.1007/s10055-024-01049-1>
- *Long, Y., Zhang, X., & Zeng, X. (2024). Application and effect analysis of virtual reality technology in vocational education practical training. *Education and Information Technologies*, 30, 9755–9786. <https://doi.org/10.1007/s10639-024-13197-7>

- Lucas Austin, P. (2019). Review: The oculus quest is virtual reality's best bet yet. *Time*.
<https://time.com/5584275/oculus-quest-review/>
- Luque Ordóñez, J. (2020). Realidad virtual y realidad aumentada. *Revista Digital de ACTA*, 63, 1-21. <https://www.acta.es/recursos/revista-digital-manuales-formativos/616-063>
- Machado Mesa, E. (2019). Aplicación de la realidad virtual (RV) en la educación secundaria obligatoria. *Universidad de la Laguna*, 1-85. <https://riull.ull.es/xmlui/handle/915/17153>
- Magetos, D., Kotsifakos, D., & Douligeris, C. (2023). Educational virtual worlds for vocational education and training laboratories. *8th South-East Europe Design Automation, Computer Engineering, Computer Networks and Social Media Conference, Greece*, 1-6. <https://doi.org/10.1109/SEEDA-CECNSM61561.2023.10470662>
- Makransky, G., & Petersen, G. (2021). The cognitive affective model of immersive learning (CAMIL): a theoretical research-based model of learning in immersive virtual reality. *Educational Psychology Review*, 33. <https://doi.org/10.1007/s10648-020-09586-2>
- Makransky, G., & Lilleholt, L. (2018). A structural equation modeling investigation of the emotional value of immersive virtual reality in education. *Educational Technology Research and Development*, 66(5), 1141–1164. <https://doi.org/10.1007/s11423-018-9581-2>
- *Man, J., Guo, F., & Ma, C. (2020). Innovative analysis of higher vocational education model based on virtual reality technology. *Journal of Physics: Conference Series*, 1533(2), 1-8. <https://doi.org/10.1088/1742-6596/1533/2/022097>
- Manterola, C., Rivadeneira, J., Delgado, H., Sotelo, C., & Otzen, T. (2023). ¿Cuántos tipos de revisiones de la literatura existen? Enumeración, descripción y clasificación. Revisión cualitativa. *International Journal of Morphology*, 41(4), 1240-1253. <https://doi.org/10.4067/S0717-95022023000401240>
- Marotta, F., Gastón, A., & Montes de Oca, J. (2020). Simulaciones con realidad inmersiva, semi inmersiva y no inmersiva. *ECONSTOR*, 1-30. <https://www.econstor.eu/bitstream/10419/238365/1/740.pdf>
- Martín-Gutiérrez, J., Mora, C., Añorbe-Díaz, B., & González-Marrero, A. (2017). Virtual technologies trends in education. *EURASIA Journal of Mathematics Science and Technology Education*, 13(2), 469–486.
